

**CONCELLO
DE VIGO****PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE
SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-
OPOSICIÓN, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA****ACTA
CONVOCATORIA SUPOSTO TEÓRICO PRÁCTICO****Exp. 45409/220**

En Vigo, a 5 de xuño de 2025, sendo as 13,15 horas, no despacho do Xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios (sito na pranta -1 da Casa do Concello) , reúnese o tribunal cualificador para a selección de dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.

Atópanse presentes os seguintes membros:

Presidente: Antonio Vivero Mijares, xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios do concello de Vigo

1º Vogal: Rafael Moledo Alonso, Suboficial do servizo de extinción de incendios do concello de Vigo

2º Vogal: Bruno de Sousa Díaz, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de Vigo

Secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo

Por unanimidade dos presentes, ACÓRDASE:

Convocar aos membros do Tribunal á próxima reunión o día martes 10 de xuño de 2025 ás 8.00 horas no despacho de Xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios (sito na pranta -1 da Casa do Concello) para elaborar o suposto teórico-práctico, obrigatorio e eliminatorio e establecer de xeito motivado os criterios de valoración do suposto e as puntuacións máximas de cada un dos apartados e subapartados nos que se divida, criterios que serán comunicados ás persoas aspirantes antes do inicio da proba e que constarán na correspondente acta.

Convocar aos aspirantes aptos para a realización do segundo exercicio – suposto teórico-práctico – o **10 de xuño de 2025 ás 10,00 horas na aula de formación da Policía Local, sita no concello de Vigo** -; aula, á que deberán trasladarse tódolos membros do órgano de selección unha vez finalice a confección do suposto.

Os aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento equivalente acreditativo de identidade e bolígrafo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/06/2025 14:42

Páxina 1 de 2

250130819

CSV: A8AFEFE-DAE34E-DF3BDE-RLAQQT-JECDGT-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Aspirantes convocados:

César Antonio González Iglesias
Joaquín Fuentes Domínguez
Diego Lago Barciela
Jacobo Álvarez Moreira
Miguel Ángel Cabaleiro Novelle
Jorge Luis Castro González

Finalizado o exercicio, tódolos aspirantes deberán permanecer nas inmediacións da aula para a lectura do exercicio.

Publicar na web municipal www.vigo.org e no Taboleiro de Edictos.

Sendo as 14,00 horas do día arriba indicado, dáse por finalizada a sesión, da que dou fe coma secretaria co Visto e prace do presidente.

O Presidente Titular do órgano de selección
Antonio Vivero Mijares

A secretaria
Pilar del Carmen Saborido Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo
250130819

Data impresión: 06/06/2025 14:42 Páxina 2 de 2
CSV: A8AFEF-DAE34E-DF3BDE-RLAQQT-JECDGT-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO
DE VIGO**

**PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE
SARXENTO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS MEDIANTE O SISTEMA DE
CONCURSO-OPOSICIÓN, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA**

**ACTA
ALEGACIÓNS
FASE CONCURSO E FASE OPOSICIÓN 1º EXERCICIO**

Exp. 45409/220

En Vigo, a 10 de abril de 2025, sendo as 13,15 horas, no despacho do Xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios (sito na pranta -1 da Casa do Concello) , reúnese o tribunal cualificador para a selección de dúas prazas de Sarxento extinción de incendios, pertencentes á escala de Administración Especial, subescala Servizos especiais e clase Servizo de extinción de incendios, mediante o sistema de concurso-oposición, en quenda de promoción interna.

Atópanse presentes os seguintes membros:

Presidente: Antonio Vivero Mijares, xefe da área de mobilidade, seguridade, tráfico e extinción de incendios do concello de Vigo

1º Vogal: Rafael Moledo Alonso, Suboficial do servizo de extinción de incendios do concello de Vigo

2º Vogal: Bruno de Sousa Díaz, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de Vigo

3º Vogal: David Antonio Fernández Lemos, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de Vigo

Secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo

Iníciase a sesión procedendo á análise das alegacións presentadas, en tempo e forma, contra a valoración dos méritos da fase de concurso.

I. D. Miguel Ángel Cabaleiro Novelle presenta as seguintes

ALEGACIÓNS

I.I Sobre a valoración dos méritos (doc. 250078995 de 03 de abril)

“reclamo la subsanación de mi valoración en el concurso de méritos porque no aparezco en la publicación, ni se me ha valorado los cursos formativos no reglados que se debió traspapelar por un problema informático en la web del concello de vigo, en los días que estuve intentando realizar la instancia al proceso se quedara bloqueada varias veces, sabiendo desto los representantes sindicales Manu Bas y David Lemos, además de dirigirme físicamente a RRHH con Bea González y por teléfono con la administración de la web y no se que pasó al subir los archivos



Copia do documento - Concello de Vigo

250130819

Data impresión: 06/06/2025 14:41

Páxina 1 de 9

CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

que Yo, ya he entregado en otras veces a este concello, vuelvo a adjuntar el archivo que debería tener rrhh en su propiedad con anterioridad.”

I.II Con rexistro de entrada núm. 20250038829, de 6 de abril, solicita revisión do seu exame polo número de preguntas contestadas (o seu xuízo, 40) e realmente valoradas (39).

I.III Con rexistro de entrada núm. 20250038818, de 6 de abril, expón:

“reclamo el cambio de respuesta correcta en pregunta 13 examen de sargento 1ª ejercicio de la fase oposición argumento q la respuesta correcta sería la D) todas las respuestas anteriores son correctas, porque en los textos legales q a continuación indico lo define el artículo 23 del RDL 2/2015 el artículo 134 de la ley 2/2015 de la función pública de galicia el artículo 93 de la LRBRL 7/85 el artículo 24 de la ley 30/1984 así lo define y redacta”.

I.IV Con rexistro de entrada núm. 250080265 de 06 de abril, expón:

“adjunto nuevamente, los archivos para q se me revise la valoración de 5.30 que me correspondería en el concurso de la OEP a sargento, que entregué en tiempo y forma, pero se traspapelaron por problemas informáticos de lo cuál hay pruebas y además de haber ido a comprobarlo a RRHH el 25/9/2024 de lo cuál también hay pruebas fehacientes”.

DECISIÓN DO TRIBUNAL

(I.I) e (I.IV) Os méritos valorados corresponden exactamente coa documentación presentada polo interesado en prazo (26/09/2024), da que ten debida constancia en recibo electrónico emitido nos termos dos arts. 14.2 e) e 16 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das AAPP, con constancia fehaciente no expediente electrónico administrativo.

Na súa solicitude de participación que consta no expediente electrónico, de 26 de setembro de 2024, o interesado non fixo a mención dos méritos (esencial) agora invocados (extemporáneamente) nin a designación dos concretos expedientes administrativos en que consten os mesmos con infracción da base quinta das xeráis da convocatoria (art. 28 da Lei 39/2015).

En aplicación do establecido no art. 77 da Lei 39/2015, non procede por impertinente a práctica de proba sobre o feito alegado como fundamento da pretensión, pois aínda admitindo a efectos puramente dialécticos a posibilidade de haber experimentado un problema de acceso informático, desde o 25 de setembro de 2024 dispuxo de amplo prazo para presentar a solicitude que efectivamente consta no expediente e a que supostamente advertiu en falta.

En consecuencia, procede a desestimación das alegacións.

(I.II) Aos efectos de verificar a existencia dun posible erro no cómputo de respostas contestadas, o tribunal procedeu á apertura dos sobres que conteñen as respostas dadas polos opositores e verifica a identidade do reclamante, observando que é correcta a corrección e que o opositor contestou 39 preguntas.

Non obstante, o tribunal autoriza a visualización do seu exame no despacho da secretaria do tribunal, sito na planta 1ª da Casa Consistorial o día 09.06.2025, de 9 a 10.15 horas, ou o día 12.06.2025, de 9 a 14 horas.

En consecuencia, procede a desestimación da alegación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 14:41	Páxina 2 de 9
250130819	CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

(I.III) As retribucións básicas dos funcionarios locais fixanse na Lei de orzamentos Xeráis do Estado (arts. 3.1, 21.2, 23 do Estatuto Básico do Empregado Público), e reflíctense nas respectivas leis orzamentarias (art. 21.1).

En consecuencia, procede a desestimación da alegación.

II O día 07 de abril de 2025 (Doc. 250081137) e 08 de abril de 2025 (doc. 250082981) D. Moisés Calvar Ríos presenta por repetido as seguintes

ALEGACIÓNS

II.I “*Al Tribunal calificador pruebas Sargento Extinción Incendios. EXPONE: El pasado día 4 de abril de 2025, se celebró el primer ejercicio teórico del concurso-oposición promoción interna para la provisión de 2 plazas de sargento del Servicio de Extinción de Incendios (S.E.I.S) Que analizado el ejercicio planteado por el Tribunal se observan una serie de defectos en la transcripción de dicho ejercicio como el empleo de diferentes tamaños de letra, tabulaciones distintas, espacios, algunas también se inician en mayúsculas y otras no, y marcas que se observan con claridad y que dan pie a facilitar la posible identificación de la respuesta correcta Y justamente esas diferencias concuerdan un 70-75% con la verdadera, se exponen como ejemplo las siguientes: 6- palabra mayúscula en respuesta a) coincide con la correcta 8- palabra mayúscula en respuesta a) coincide con la correcta 10- respuesta escrita diferente a) coincide con la correcta 13- palabra en mayúscula en respuesta c) coincide con la correcta 16- tamaño la respuesta b) coincide con la correcta 27- respuesta c) con diferente tamaño coincide con la correcta 29- palabras diferentes tono y escritura d) coincide con la correcta 32- tamaño palabras diferentes coincide con la d) correcta 38- tamaño palabras diferentes y mas grande, coincide con la a) correcta 40- letra principio minúscula, en la b) correcta 41- palabra AFECTA incompleta b) coincide con la correcta 43- tamaño palabra PIAS diferente coincide con la correcta c) 51- palabras escritas con forma diferente a) coincide con la correcta 53- palabras con formas diferentes d) coincide con la correcta 17-24-50 y 55- presenta diferentes errores en las formas, escritura y tamaños Por otro lado dos preguntas a mi parecer están fuera del temario que recoge las bases, incluso una de ellas se redacta de una manera incompleta al no especificar si lo que se pregunta ocurre o ya ha ocurrido para dar o no autorización a la entrada del domicilio no se menciona, pregunta 3 y la otra es la pregunta 4 En base a lo anterior, SOLICITO la anulación de la prueba y de su repetición por existir la posibilidad de que dichos errores puedan haber condicionado la total transparencia del proceso”.*

DECISIÓN DO TRIBUNAL

II.I) As copias dos exercicios entregadas aos aspirantes carecen, de forma absoluta, de calesquera marcas. Se limitan a transcribir o exercicio decidido inmediatamente antes polo tribunal conforme ás bases da convocatoria, incorporado ao expediente baixo a custodia da Secretaria do Tribunal.

Contra a máis elemental lóxica (art. 16 da Lei 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público), o interesado presenta en apoio da alegación fragmentos con marcas dunha parte da copia de que dispuxo para a contestación, obxecto de utilización polos aspirantes tanto en sentido recto (habitual) como excepcionalmente o pretendido na alegación (manipular). Esta copia queda a disposición dos mesmos unha vez rematado o exercicio.

II.II) Constatada a total falsedade das supostas marcas “amigas”, o seu pretendido complemento non pode ter millor sorte.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 14:41	Páxina 3 de 9
250130819	CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A transcripción do exercicio decidido polo tribunal fixoa unha funcionaria da Área de Recursos Humanos e Formación, unicamente no momento en que aquel estaba xa concluído, e sen acceso ás respostas, inmediatamente antes da celebración do examen. A súa participación responde ás bases da convocatoria e ten idénticas garantías de discreción que as propias dos membros do tribunal.

A desconfianza, que implica falta do respecto debido ao tribunal, responde ademáis a unha lóxica obtusa. Nun exercicio de 75 minutos e 60 preguntas tipo test, é notorio que ante unha mesma ou semellante capacidade intelectual (planificación, memoria operante, atención executiva, lóxica), resultaría infinitamente máis sinxelo responder ás preguntas por estudio do temario que pola vía de reter o suposto arrevesado código secreto amigo descrito na alegación.

II.III) Sobre as preguntas 3 e 4 se reprocha que non forman parte do temario, engadindo respecto da 3 que está mal redactada.

As dous preguntas teñen inequívoco fundamento no contido da Constitución, esixido no tema 1 da parte xeral do programa específico da convocatoria.

Delito flagrante é precisamente o que se está a producir no momento en consideración.

II.IV) En consecuencia, procede a íntegra desestimación das alegacións.

II. D. Diego Lago Barciela, con rexistro de entrada núm. 20250038981, de 7 de abril, reclama a valoración dun certificado de profesionalidade, como titulación oficial. Dos particulares da reclamación e aos efectos de ditar a resolución que proceda, destácanse os seguintes

*“En concreto, solicito la revisión de la puntuación otorgada en el apartado de titulaciones académicas, dado que he presentado el Certificado de Profesionalidad en Extinción de Incendios y Salvamento (SEAD0111), el cual no ha sido debidamente valorado.
Fundamentos de la reclamación:*

1. Oficialidad de la titulación: Dicho certificado de profesionalidad está regulado por el Real Decreto 34/2008, de 18 de enero, lo que lo convierte en una titulación oficial dentro del sistema de formación profesional en España. Además, estos certificados son expedidos por el Ministerio de Educación y Formación Profesional o por las administraciones laborales de las comunidades autónomas, lo que garantiza su validez en todo el territorio nacional. Asimismo, están incluidos en el Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales, lo que certifica su reconocimiento en el ámbito laboral y su aplicabilidad en funciones propias de un bombero y, por ende, de un Sargento dentro del cuerpo.

...

4. Concordancia con las Bases del Concurso: Las bases indican que las titulaciones deben tener relación directa con las funciones del puesto, pero no limitan los tipos de titulación. Como el SEAD0111 cubre funciones que un Sargento desempeña a diario, se ajusta perfectamente a lo exigido.

Si el tribunal argumenta que no es un título universitario, cabe destacar que la convocatoria no especifica un nivel mínimo de estudios para esta valoración, solo exige relación con el puesto, la cual queda demostrada con los puntos anteriores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 14:41	Páxina 4 de 9
250130819	CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

*Por todo lo expuesto, solicito la revisión de la puntuación otorgada en la fase de concurso y la correspondiente asignación de 1 punto en el apartado de titulaciones académicas por el Certificado de Profesionalidad en Extinción de Incendios y Salvamento (SEAD0111).
Adjunto copia del certificado para su debida consideración.
... ”*

DECISIÓN DO TRIBUNAL

III.I O apartado VI dedicado á fase de concurso das bases específicas reitoras do proceso selectivo establece, no seu punto 3

“3.- Titulacións académicas:

- Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto. (Só se puntuará unha como máximo).*
- Por estar en posesión doutras titulacións superiores ou do mesmo nivel que o esixido para o ingreso na praza como mínimo, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións dos postos aos que se poida adscribir a praza segundo a RPT vixente: 1 punto.”*

III.II En idéntico sentido a base 13ª das xeráis á que remite o parágrafo primeiro do citado apartado VI.

III.III Nin na derogada L.O. 5/2002, nin na actual L.O. 3/2022 os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade son unha mesma cousa.

O art. 39.4 da Lei orgánica 2/2006 na súa redacción dada pola L.O. 8/2013 dispuxo

“4. Los títulos de formación profesional estarán referidos, con carácter general, al Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales. El currículo de estas enseñanzas se ajustará a las exigencias derivadas del Sistema Nacional de Cualificaciones y Formación Profesional y a lo establecido en el artículo 6.4 de la presente Ley, con la excepción de los cursos de especialización, para los cuales cada administración educativa tendrá capacidad para aplicar o no el citado artículo 6.4.

El Gobierno desarrollará reglamentariamente las medidas que resulten necesarias para permitir la correspondencia, a efectos de equivalencia y convalidación, de los certificados de profesionalidad, a los que se refiere al artículo 8 de la Ley Orgánica 5/2002, de 19 de junio, de las cualificaciones y la formación profesional, con los títulos de formación profesional del sistema educativo a través de las unidades de competencia acreditadas.”.

III.IV Esta facultade é obxecto de desenvolvemento polo vixente Real Decreto 659/2023 polo que desenvólvese a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Os arts. 132 a 135 dedicados ás equivalencias entre certificados e títulos que responden a regulacións previas á normativa actual en materia de formación profesional, con validez académica e profesional, remiten á norma reguladora do certificado/título en cuxo caso non require solicitude



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 14:41	Páxina 5 de 9
250130819	CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previa. Noutro caso, deberán instarse ante a unidade competente do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

III.V Os arts. 135 e 136 dedicados ás homologacións entre certificados e títulos dos Sistema de Formación Profesional español, esixen solicitude ante o Ministerio de Educación e Formación Profesional o a Administración competente na materia.

III.VI Non concorrendo ningunho dos requisitos establecidos pola normativa vixente, procede a desestimación do motivo.

III. D. Jorge Luis Castro González, con rexistro de entrada núm. 20250039126, de 7 de abril, reclama a valoración do título de Técnico Superior en Desarrollo de Aplicaciones Multiplataforma.

Examinado o RD 450/2010, considérase que procede outorgarlle 1 punto por ter unha Titulación superior á esixida para o acceso á praza.

A outra titulación que posúe, Técnico Especialista en la Rama ADMINISTRATIVA Y COMERCIAL é a titulación de acceso para o proceso selectivo, polo que non procede súa valoración.

Así as cousas, estímase parcialmente a alegación presentada por este aspirante, outorgándolle un punto por ter unha titulación superior á esixida para o acceso á praza, de forma que a súa puntuación total queda como segue:

**TOTAL
FASE DE CONCURSO
JORGE LUIS CASTRO GONZÁLEZ**

Fase concurso	Puntuación
Experiencia	0,80 puntos
Formación	3,00 puntos
Titulacións	1,00 puntos
Galego	0,50 puntos
TOTAL	5,30 puntos

Non existindo máis alegacións contra a valoración realizada na fase de concurso, a puntuación obtida por cada un deles é a seguinte (por orde de puntuación):

ASPIRANTE	PUNTUACIÓN TOTAL FASE CONCURSO
CÉSAR ANTONIO GONZÁLEZ IGLESIAS	6,55 puntos
JOAQUÍN FUENTES DOMÍNGUEZ	6,50 puntos
MOISES CALVAR RIOS	5,80 puntos
FRANCISO JAVIER RIVERO ÁLVAREZ	5,30 puntos
JORGE LUIS CASTRO GONZÁLEZ	5,30 puntos



Copia do documento - Concello de Vigo

250130819

Data impresión: 06/06/2025 14:41

Páxina 6 de 9

CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PABLO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	4,30 puntos
NESTOR REINALDO LÓPEZ	4,05 puntos
DIEGO LAGO BARCIELA	4,05 puntos
MIGUEL ÁNGEL CABALEIRO NOVELLE	3,50 puntos
IAGO SOTO DOMÍNGUEZ	1,30 puntos
JACOBO ÁLVAREZ MOREIRA	0,65 puntos

A continuación procédese á análise das alegacións presentadas, en tempo e forma, contra á fase de oposición.

I. D. Jorge Luis Castro González, con rexistro de entrada núm. 20250039867, de 9 de abril, solicita ver a plantilla de respostas do seu exame.

O tribunal admite a solicitude, a autoriza a visualización do seu exame no despacho da secretaria do tribunal, sito na planta 1ª da Casa Consistorial o día 09.06.2025, de 9 a 10.15 horas, ou o día 12.06.2025, de 9 a 14 horas.

II. D. Jorge Luis Castro González, con rexistro de entrada núm. 20250040531, de 9 de abril, alega contra varias preguntas do exame:

Pregunta núm. 4. Solicita a anulación ao considerar que está fóra do temario.

O tribunal considera que é unha pregunta de carácter básico da Constitución que sí forma parte do temario. O número reducido de temas non prexulga a densidade dos coñecementos esixibles conforme ás bases da convocatoria.

Desestímase a anulación da pregunta núm. 4.

Pregunta núm. 8 e 15. Solicita a anulación ao considerar que está fóra do temario.

O tribunal considera que é unha pregunta de carácter básico da lexislación de réxime local, sobre un municipio de gran poboación (que é o municipio de Vigo, onde está o posto de traballo ao que opta) e que sí forma parte do temario. O número reducido de temas non prexulga a densidade dos coñecementos esixibles conforme ás bases da convocatoria.

Desestímase a anulación das preguntas núms. 8 e 15.

Pregunta núm. 36. Solicita dar por correcta a resposta c).

O significado de BLEVE é explosión por expansión dun líquido en ebullición.

Desestímase a solicitude de cambio de resposta correcta na pregunta núm. 36.

Pregunta núm. 45. Solicita a anulación ao considerar que está fóra do temario.

O tribunal considera que está dentro do tema 9 do temario, apartado de extintores de incendios.

Desestímase a anulación da pregunta núm. 45.

Pregunta núm. 52. Solicita a anulación da pregunta ao non ser ningunha resposta correcta.

O tribunal estima a solicitude, quedando anulada a pregunta 52 (pregunta de reserva).

Pregunta núm. 56. Solicita a anulación da pregunta por estar mal as respostas.

O tribunal estima a solicitude, quedando anulada a pregunta 56 (pregunta de reserva).

Pregunta núm. 60. Solicita a anulación ao considerar que está fóra do temario.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/06/2025 14:41

Páxina 7 de 9

250130819

CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O tribunal considera que a pregunta forma parte do temario, dentro de vocabulario anexo ao Código Técnico da Edificación.

Desestímase a anulación da pregunta núm. 60.

III. D. Diego Lago Barciela, con rexistro de entrada núm. 20250039004, de 7 de abril, alega contra varias preguntas do exame:

Pregunta núm. 13. Solicita a corrección da resposta correcta.

O tribunal considera correcta a resposta da plantilla de corrección, xa que as retribucións básicas dos funcionarios fixanse polos orzamentos xerais do estado. Polo tanto, desestímase a solicitude.

Pregunta núm. 26. Solicita a corrección da resposta correcta.

O tribunal desestima a solicitude, a resposta marcada na plantilla de corrección é a correcta.

Pregunta núm. 5. Solicita a anulación ao considerar que está fóra do temario.

O tribunal considera que indiscutiblemente está no temario xenérico, é un precepto básico que rexe o funcionamento das administracións públicas.

Desestímase a anulación da pregunta núm. 5.

IV. D. César Antonio González Iglesias, con rexistros de entrada núm. 20250039018 e R20250039000, de 7 de abril, alega contra varias preguntas do exame:

Pregunta núm. 5. Solicita a anulación ao considerar que está fóra do temario.

O tribunal considera que indiscutiblemente está no temario xenérico, é un precepto básico que rexe o funcionamento das administracións públicas.

Desestímase a anulación da pregunta núm. 5.

Pregunta núm. 13. Solicita a corrección da resposta correcta.

O tribunal considera correcta a resposta da plantilla de corrección, xa que as retribucións básicas dos funcionarios fixanse polos Orzamentos Xerais do Estado. Polo tanto, desestímase a solicitude.

Pregunta núm. 52. Solicita a anulación da pregunta ao non ser ningunha resposta correcta. O tribunal estima a solicitude, quedando anulada a pregunta 52 (pregunta de reserva).

V. D. Jacobo Álvarez Moreira, con rexistro de entrada núm. 20250038818, de 6 de abril, alega:

Pregunta núm. 26. Solicita a corrección da resposta correcta.

O tribunal desestima a solicitude, a resposta marcada na plantilla de corrección é a correcta.

Finalizada revisión compróbase que ao estimar dúas alegacións que se corresponden con preguntas de reserva, e desestimar as restantes, o resultado da proba do 1º exercicio test da fase da oposición permanece invariable, e recóllese a lista de candidatos aptos para a realización do segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio:

ID	Identidade	Ben	Mal	NC	Nota
520096	César Antonio González Iglesias	41	2	7	8.00
520496	Joaquín Fuentes Domínguez	40	2	8	7.80
520585	Diego Lago Barciela	32	6	12	5.80
520596	Jacobo Álvarez Moreira	32	13	5	5.10
520607	Miguel Ángel Cabaleiro Novelle	37	2	11	7.20
520618	Jorge Luis Castro González	30	6	14	5.40



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 06/06/2025 14:41

Páxina 8 de 9

250130819

CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Publicar a acta na web municipal www.vigo.org e no Taboleiro de Edictos.

Sendo as 15,00 horas do día arriba indicado, dáse por finalizada a sesión, da que dou fe coma secretaria co Visto e prace do presidente.

O Presidente Titular do órgano de selección
Antonio Vivero Mijares

A secretaria
Pilar del Carmen Saborido Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 06/06/2025 14:41	Páxina 9 de 9
250130819	CSV: AFAHEA-D7EH45-D63FCA-N6UZ6S-VB9XVK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		